

A REVISTA DA
BIBLIOTECA

XANEIRO FEBREIRO
MARZO 2024

Nº 60

ABRACADABRA

MIRANDO MÁIS ALÓ

PASATEMPOS

GALERÍA DE FOTOS

TOP TEN 2023

QUE HAI DE NOVO?



Deputación
DA CORUÑA

BIBLIOTECA INFANTIL E XUVENIL

MIRANDO MÁS ALÓ

Como vou saber iso? O que eu poida pensar sobre un traballo en particular non ten por que ser certo... As miñas ideas, seguramente, son produto da miña fantía... e a miña fantía tanto pode facerme ver as cousas moito mellor do que son, como moito peor... Como elixir algo que non coñezo? Como ter a seguridad de que estou a escoller a opción axeitada? Síntome coma se estivese nunha habitación chea de portas e tivese que abrir a correcta sen saber que hai detrás de cada unha de elles... Ola! Xa estades aí? Alégrome de que viñésedes... Teño unha dúbida existencial... ou moitas... segundo se mire... O meu irmán, este ano, acaba o instituto e ten que decidir que vai estudar, con vistas, nun futuro, a atopar un traballo que lle guste. O pobre está cheo de dúbidas. Ao principio fíxome grazas. Pensei que afogaba nun vaso de auga. Á fin e ao cabo só é pensar de que queres traballar e estudar o que corresponda para poder acceder a ese traballo. Pero en realidade non é tan sinxelo. Se non me credes facede a proba... De que vos gustaría traballar? Pensádeo ben. Diso pode depender o voso futuro... Dá vertixe só de pensalo! Pero claro, se só fose iso, pois aínda... pero, non só hai que pensar de que che gustaría traballar, tamén hai que ter en conta que é o que se che dá ben. Porque eu podo ter moi claro que quero ser enxeñeiro no CERN, pero se as matemáticas e a física non me entran pois vai ser un pouco complicado. Ou podo querer traballar de intérprete na ONU pero se os idiomas non son o meu, pois como que será un pouco complicado que chegue a traballar diso. En fin, o dito, que é unha decisión moi difícil. Ademais, neste caso, preguntarlle a Google non creo que sirva de moito, porque eu podo poñer: cales son os mellores traballos? Pero, os mellores para quen? Non sei... de todos os xeitos, por suposto fixen a proba. Xa me coñecedes. Non vou deixar pasar unha oportunidade por non probar... en fin, o que vos dicía, que non serve para moito. Ah! Dato curioso, case todas as entradas son para os postos mellor pagos.

De todos os xeitos, mergullando un pouco máis, atopei algo que me pareceu interesante. Chámase *ikigai*. Escoitarádelo algunha vez? Eu non. O *ikigai* é un concepto xaponés, que na súa forma, lémbreme os diagramas de Venn que estudaba nos primeiros anos de primaria. Acordádesvos? En fin, volvendo ao tema, o *ikigai* poderíase definir como a túa razón de ser. Así, a través da intersección de catro círculos, en cada un dos cales poñemos: o que amamos, o que se nos dá ben, o que necesita o mundo e polo que nos poden pagar, aparecen catro conceptos asociados: a paixón, a misión, a profesión e a vocación.

O que sume eses catro conceptos é o noso *ikigai*.


Se conseguimos que a nosa razón de ser ou *ikigai* sexa o noso traballo, conseguiríamos o que dicía Confucio: "Elixe un traballo que che guste e non terás que traballar nin un día da túa vida". A verdade, que como mínimo, vale a pena tentalo, non vos parece?

Ah! E non o ides crer... pero estaba a ler o libro "Dibujo, luego pienso" de Javirroyo e aí, nunha das páxinas, o concepto de *ikigai*... Non é casualidade? Pois aquí vos deixo o esquema que aparece no libro para que poidades facer o voso propio *ikigai*.

Xa me contaredes se vos custou moito facelo e se agora tedes claro cal é o voso *ikigai* na vida.

Bfffff!!!! Que tarde é! Téñome que ir agora mesmo porque se non vai dar igual que teña claro ou non o que facer coa miña vida...

Vémonos no próximo número.



PASATEMPOS

E xa están aquí os **CHISTES** que nos fostes deixando para rir a esgalla:

Se encuentran dos amigos, que hacía mucho que no se veían, y uno le dice al otro:
– ¿A qué te dedicas?
A lo que el otro responde:
– Básicamente a respirar. No gano mucho, pero me da para vivir.

Un hombre en una entrevista:
– Y para terminar la entrevista..., dígame cuáles son sus hobbies preferidos.
– Bilbo, Frodo y Sam.

Dos personas en el ascensor intentan sacar tema de conversación y una le dice a la otra: – ¿En qué trabajas?
– Soy director general de una empresa de importación y exportación.
– Qué puesto más importante
– ¡Y exportante!


– ¿Y tú a qué te dedicas?
– Soy inventor...me inventé la rueda, la radio, la penicilina...
– ¡¡¡Eso es mentira!!!
– ¿Ves? Me lo invento todo

E, agora, seredes quen de chegar ao centro deste **LABIRINTO**?:



XEROGLIFICO

De que traballas?



GALERÍA



Un encontro literario moi emotivo



Estrea da curtametraxe "O autor na sombra".

Como nos gustan as celebracións!
Que artistas!



Visita moi divertida dos alumnos do IES Puga Ramón



TOP TEN OS LIBROS + PRESTADOS Nº 2023



Naruto / Masashi Kishimoto.

En la Villa Oculta de la Hoja, vive Naruto Uzumaki un chico de lo más problemático que estudia en la escuela de ninjas. El sueño de Naruto es llegar, un día, a heredar el nombre de Hokage, reservado a los grandes héroes, y de convertirse en el mejor ninja de todos los tiempos. ¿Podrá Naruto llegar a cumplir sus anhelos de grandeza?



One Piece / Eiichiro Oda.

One Piece es el manga shonen de Eiichiro Oda que narra la historia de un joven llamado Monkey D. Luffy, que inspirado por su amigo pirata Shanks, comienza un viaje para alcanzar su sueño, ser el Rey de los piratas, para lo cual deberá encontrar el tesoro One Piece dejado por el anterior rey de los piratas Gol D. Roger.



Dragonball / Akira Toriyama.


El manga por excelencia, el que desató la fiebre del manga en España, convirtió a Akira Toriyama en una figura reverenciada y generó un fenómeno difícil de repetir.



Colección Futbolísimos/ Roberto Santiago.

Los Futbolísimos es una colección de fútbol y misterio escrita en clave de humor.

Esta serie de libros trata valores como la educación, el deporte, el trabajo en equipo y la amistad.



Los Peores niños del mundo / David Walliams.

Diez historias endemoniadamente divertidas y surrealistas sobre los diez niños más espantosos del mundo. Definitivamente, *Los peores niños del mundo* es el libro más gamberro de David Walliams!



Historias superguas de miedo (Diario de Rowley) / Jeff Kinney.

En estas historias terroríficamente divertidas encontrarás zombis, fantasmas ¡y mucho más! Quizás te rías después de leerlas, pero... ¡ten cuidado! Podrías acabar durmiendo con las luces encendidas.



Sherlock Holmes : estudio en escarlata / Sir Arthur Conan Doyle.

Con Estudio en Escarlata iniciamos Sherlock Holmes para pequeños detectives, una colección amena y divertida con los mejores casos del detective más famoso de todos los tiempos.



Mortiña : unha sorpresa marabillosa / texto e ilustracións de Barbara Cantini.

Cando Mortiña sobe ao faiado na procura de disfraces para Halloween, atopa unha postal dos seus pais! Víraos por última vez cando saían para unha longa viaxe... pero nunca más regresaron. Que sería deles? Para descubrilo terá que botar man de habilidades de detective e de moita imaxinación.



Culpa mía / Mercedes Ron.

Nicholas Leister ha sido creado para amargarme la vida. Alto, ojos azules, pelo negro como la noche...

Suena genial ¿verdad? Pues no tanto cuando te enteras de que va a ser tu hermanastro y además representa todo de lo que has estado huyendo desde que tienes uso de razón.



Invisible / Eloy Moreno.


Emotiva, conmovedora, diferente...Invisible narra, a través de los ojos de un niño, una historia que podría ser la de cualquiera de nosotros.

¿Quién no ha deseado alguna vez ser invisible?

¿Quién no ha deseado alguna vez dejar de serlo?

SOLUCIÓNS DOS PASATEMPOS

LABIRINTO



XEROGLIFO

Informe – e + ático = Informático

QUE HAI DE NOVO...?

* **CELEBRACIÓN**. Comezamos co Entroido na biblioteca cun Taller animado. Información dispoñible proximamente.

* **SUXESTIÓN**. Se desexas que a Biblioteca conte con algún libro, DVD, revista,... podes cubrir o impreso de **DESIDERATAS** e estudaremos a túa petición.

* Lembrade que podedes facer as vosas **RESERVAS E RENOVACIÓN**s dos libros na páxina web <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>.

* Ánimate a ser **COLABORADOR/A DA NOSA REVISTA ABRACADABRA**. Esperamos as túas recomendacións de libros, trabalinguas, chistes, relatos, adiviñas... déixaas na Sección Infantil Xuvenil ou envíalas ao noso correo **biblioteca.infantilxuvenil@dacoruna.gal** e publicarémolas no próximo número da revista.

Lembrámossos que tamén estamos na rede

Síguenos en

